

## AXUDA Á PREVENCIÓN DE ATAQUES DE ESPECIES SILVESTRES

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO ven de publicar o pasado 17 de agosto a ORDE do 4 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2017.

Estas axudas van destinadas a gandeiros (vacas, ovellas, cabras, cabalos e porcos celtas) e agricultores para a protección do seu gando e dos seus cultivos fronte aos ataques da fauna salvaxe (xabaril e lobo).

A primeira novidade deste ano é que as sociedades (SC, SAT, COOP, SL,...) deben presentar estas axudas obrigatoriamente por vía electrónica

### 1- Prevención danos lobo:

a. Mastíns e gastos de identificación (identificados no REGIAC, < 4 meses de idade, máximo 2 mastíns/explotación). **Máximo 500 €/mastín**

i. < 60 ov/ca → 1 mastín e > 60 ov/ca → 2 mastíns

ii. < 15 vacas → 1 mastín e > 15 vacas → 2 mastíns

b. Pastores eléctricos

i. **Máximo de 600 €/explotación:**

Máximo 150 € por pastor alimentado por batería ou conectado á rede

Máximo 350 € por pastor alimentado por batería e con placa solar

ii. Vacún/ovino/cabrún/cabalar/porco celta:

Nº animais gando menor	Nº animais gando maior	Nº pastores eléctricos
1 a 50	1 a 20	1
51 a 100	21 a 50	2
Máis de 100	Máis de 50	3

c. Malla electrificada

- i. Mallas de 50 m de longo e mín 90 cm de alto.

**Máximo 8 mallas/explotación. Máximo 100 €/malla.**

2- Prevención danos xabaril:

a. Pastores eléctricos

**i. Máximo de 600 €/explotación:**

Máximo 150 € por pastor alimentado por batería ou conectado á rede

Máximo 350 € por pastor alimentado por batería e con placa solar

Superficie	Nº pastores eléctricos
≤ 20 ha	1
21 a 40 ha	2
Máis de 40 ha	3

**Solicitantes**

Gandeiros (REGA)  
Agricultores (REAGA)  
Explotacións de autoconsumo

**Documentación solicitude**

- Solicitude (Anexo II). Datos identificativos e conta bancaria
- Acordo do órgano competente para solicitar a axuda (sociedades)
- Acreditación da titularidade das fincas (só explotacións de autoconsumo)

**Prazos**

- Solicitude: ata o luns 18 de setembro

**Documentación xustificación**

- Solicitude de pagamento (anexo V)
- Memoria de actuación (anexo VI)
- Relación dos gastos e investimentos (anexo VII)
- Copias compulsadas das facturas
- Recibos bancarios dos pagos (selados pola entidade bancaria)